

Manuela Gómez Lodeiro

PONTEVEDRA, 1932-2020

12 de decembro de 1936. Lugar da Torre. Parroquia de Salcedo. Tras unha delación, os cívicos fan unha redada na procura de dous fuxidos, activistas de esquerdas: Manuel Méndez Montes e Juan Manuel Gómez Corbacho. Atópanos no alboio dunha casa propiedade dos irmáns Ramón e Consuelo Acuña. Rodéano mais os fuxidos plántanlles cara. Para acabar coa súa resistencia, a partida capitaneada por Victor Lis, xefe dos cívicos pontevedreses, préndelle lume ao alboio. Manuel Méndez morre calcinado. Manolo Corbacho sae, fusil en man, e é tiroteado. Os gardas levan detidos aos propietarios da casa e a unha das súas inquilinas, Elvira Lodeiro, muller de Corbacho. Os tres son condenados á morte e fusilados aos poucos días.

Da versión dos represores dan boa conta os xornais nos días que seguen. A historia do orfo de Consuelo Acuña, un adolescente discapacitado; dos fillos que Manuel Méndez tivera con Manuela Acuña, irmá dos donos da casa; ou de Pilar e Manuela Gómez Lodeiro, as nenas de cinco e tres anos ás que a barbarie deixaría orfas de pai e nai fica silenciada durante décadas, mesmo na memoria contada en voz baixa pola veciñanza da zona que, porén, sempre lembraron o suceso como un dos máis sanguentos do 36 pontevedrés.

O libro *Pontevedra nos anos do medo*, do historiador Xosé Álvarez Castro, dá cumprida información sobre o acontecido. Sinala que uns vinte compoñentes da



organización capitaneada por Víctor Lis, máis catro garda civís mandados polo cabo Jesús Barja, chegaron a Salcedo sobre as cinco da mañá. Segundo a crónica que logo publicaría *O Progreso*, detiveron a Ramón Acuña cando saía para acudir ao seu traballo como mecánico do tranvía e entraron no seu domicilio, onde atoparon a súa irmá Consuelo e a Elvira Lodeiro, a esposa de Gómez Corbacho. Sempre segundo este xornal, confesaron o paradiro deste e de Méndez Montes, ocultos nun alboio próximo á casa. Os cívicos prendéronlle lume e, cando os ocupantes saíron disparando, foron tiroteados polos gardas. A versión varáa no *Diario de Pontevedra*. Alí explicaban que Ramón Acuña fora atopado dentro da casa e non de camiño ao traballo e que os cívicos o obrigaron a el a prenderlle lume ao alboio, do que intentou escapar Gómez Corbacho sendo tiroteado por un axente. Non así Manuel Méndez que, segundo este xornal, pereceu queimado dentro do alboio. Un apuntamento que parece coincidir máis coa realidade pois a familia de Manuel Méndez explica que foi a súa propia filla, América, recoller os restos calcinados do pai na noite seguinte aos feitos.

Difire tamén do *Progreso* na detención de Elvira Lodeiro. Segundo o *Diario de Pontevedra*, non se atopaba na cama senón que se agochou e foi atopada unha hora despois na bodega da casa onde se ocultara utilizando unha trampa disimulada no piso. O que está contrastado, e así o recolle Álvarez Castro, é que tanto ela como os irmáns Ramón e Consuelo Acuña Iglesias foron xulgados nun consello de guerra en procedemento sumarísimo na mañá do día seguinte, domingo 13 de decembro, e condenados á pena de morte “de acordo co previsto nos bandos militares para os que ocultasen reclamados por actividades contrarias ao golpe militar”. Ao día seguinte, ás catro da mañá do luns 14, entraron en capela no cuartel da garda cívica, sito na rúa Benito Corbal, os irmáns Ramón e Consuelo Acuña, que rexeitaron os auxilios espirituais. Un piquete da garda cívica capitaneado polo propio Víctor Lis fusilounos na avenida de Monte Porreiro. Consuelo tiña 60 anos e Ramón, 42. A memoria oral sitúa a delación dunha familiar dos dous irmáns como orixe na batida dos cívicos. De feito, a presunta delatora estaba na casa co seu bebé aquel 12 de decembro e nin sequera foi detida, a diferenza do resto de adultos, condenados á morte.

Elvira Lodeiro conseguiu un aprazamento da súa sentenza alegando que estaba embarazada. Porén, foi fusilada na tarde dese mesmo sábado, 19 de decembro, tras asegurar os fascistas que o recoñecemento médico descartara o estado de gravidez. Matárona aos 28 anos, cando apenas se cumpría unha semana desde o asasinato do seu marido. Deixaban orfas dúas fillas, Pilar, de cinco anos, e Manolita, de tres.

Juan Manuel Gómez Corbacho xa fora condenado á morte en 1934. Acusábano, segundo explica Álvarez Castro, de fabricar bombas con botellas de líquidos



inflamábeis nos sucesos de outubro. Conmutáranlle a pena máxima por unha condena de prisión, quedando en liberdade tras o triunfo da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936. Cando cinco meses despois se produce o golpe militar, Corbacho participa na defensa do Goberno Civil de Pontevedra e, tras a derrota, o matrimonio inicia o agocho, primeiro no monte, e coa chegada do frío na casa da Torre, nun van intento de eludir a persecución dos vencedores, que se manterá ata despois do seu asasinato: Un informe da Garda Civil datado o 4 de xaneiro de 1937, e polo tanto dúas semanas despois do fusilamento de Elvira, acúsaa de ser comunista e de ter “mala conduta pública y privada”. Pero, quen era realmente Elvira Lodeiro?

Elvira nacera en Pontevedra en 1908 e de moza emigrara coa súa nai a Arxentina, pero nunha viaxe de volta á súa cidade de orixe coñecera a Juan Manuel Gómez Corbacho e xa nunca volvería marchar. Empregouse nunha tenda de revelado de fotografías en Pontevedra e casaron pola igrexa. Tiveron dúas nenas no tempo da República, moito máis próxima á súa ideoloxía de esquerdas que a monarquía borbónica. Aínda así, no seu seo seguiron sempre pelexando na procura de melloras para a xente como eles, das clases menos favorecidas, para que as nenas, como as súas, tivesen as oportunidades que a propia Elvira non acadara nin mesmo na emigración. Nunca aprendeu a escribir e cando, tras os sucesos de outubro do 34, o seu home estivo preso en Pamplona, Elvira acudía á casa do seu amigo Mauro Caballero para que a súa sobriña, Paula Torrado Calleja, que desde a morte da súa nai vivía cos seus tíos, escribise as cartas por ela.

Porén, a última carta da súa vida escribiulla, a lapis, o capitán do pelotón que a ía fusilar. Levouna á casa dos Caballero, cando xa a mataran, a veciña que lle miraba polas nenas desde que estaba agochada: “Se me pasa algo, lévalas alí”, díxolle. E así o fixo. Nos últimos días do Nadal do 36 chegou á porta da familia co sobre nunha man e as dúas pequenas, de loito pechado, na outra. Cumpriuse o desexo da nai, que pediu que a maior fose criada pola súa irmá Delia e a pequena quedase a vivir, como unha filla máis, na casa do matrimonio amigo.

Cando a veciña chamou á porta, Mauro meteuse, como cada vez que soaba o timbre, no moble da cociña que desde o triunfo do golpe e ata o final da guerra lle serviría de agocho. Era socialista, íntimo amigo do gobernador civil de Madrid, José Gómez Osorio, e sabía que irían buscalo. Así que abriu a menor dos seus fillos, Margarita, a única nena, que daquela tiña doce anos. O golpe de Estado condenara a Carlos e Fico, os dous seguintes, ao exilio en Cuba, o país que por causa da emigración dos seus pais os vira nacer. Estaban afiliados, respectivamente, ás Xuventudes Socialistas e ás Libertarias da CNT. Pepe, o terceiro, foi obrigado a loitar no bando nacional, o contrario ás ideas da familia; e o maior,



Mauro, quedou facéndose cargo duns negocios familiares que ían esmorecendo coa nova situación económica e familiar.

A pesar de todo, Mauro e a súa muller, Petra Calleja, criaron a Manolita como se fose outra filla máis, aínda que non cumpriron dous dos desexos que Elvira escribira naquela última carta: Que lle deixasen para sempre o loito e que xamais lle contasen como fora que morreran os seus pais. Petra e Mauro consideraban que era moi nena para o negro e, sobre todo, que tiña sobradas razóns para sentirse orgullosa duns proxenitores que perderan a vida na defensa dos seus ideais. Por iso, a pesar de que sempre foi para eles unha filla que lles chamaba papá e mamá, mantivéronlle os apelidos Gómez Corbacho.

“Eu nunca esquecín quen era e sempre mantiven os meus apelidos. Papá e mamá dixéronme: ‘Non che imos quitar os teus porque os teus pais eran boas persoas e merecen que leves os seus apelidos’. E así quedei.”

De feito, tamén se preocuparon de que mantivera contacto coa súa avoa paterna, que vivía en Pontevedra cunha filla:

“Era unha velliña que vivía moi mal. Margarita tenme levado a vela cando xa mataran os meus pais. Tiña un pano negro á cabeza. E a miña tía, a irmá do meu pai, era coxa e andaba cunha muleta. Tiñan un polo na habitación...”.

Que coidasen das súas nenas o mellor que puidesen porque eran o seu maior tesouro, que tanto ela como o seu pai as levaban no corazón e que no último intre da súa vida non pensaría máis que nelas, foron algunhas das verbas que Elvira recolleu naquela carta escrita en capela. Co paso dos anos, Rafael Barreiro Pérez, un home que estivera con ela en prisión, contoulle a Manolita que tiveran que fusilala sentada, porque a mágoa non a deixaba manterse en pé:

“El contoumo, encolléuseme o corazón e xa non se me quitou esa imaxe da cabeza máis”.

Tras o fusilamento de Elvira prenderon a Paula, a amiga que fora leal notario do amor que o matrimonio se profesaba, para interrogala sobre a presenza das nenas no fogar dos Caballero. Ela ensinoulle a carta ditada ao seu executor pola súa nai minutos antes de que a asasinara, e deixárona en liberdade.

Cando as lembranzas da nena de tres anos que chegara á porta dos Caballero foron esmorecendo na memoria de Manolita, a propia Paula contoulle como aqueles días se mantivera pegada á porta, chorando pola nai que agora non podía lembrar, pedindo que a levasen durmir con ela:

“-Quero ir á casa coa miña nai!

-Foi a un recado e despois xa vén. Hoxe vas durmir aquí...



-Non!! Eu quero ir con mamá!!!”.

E Manolita púñase na porta a chorar e a chorar... E a pobre Paula que non sabía que había de facer.

Pouco tempo despois, a pequena deixaría tamén de ter contacto coa súa irmá. Como era o desexo de Elvira, foi Delia, a tía das nenas, a que se fixo cargo da maior, e axiña marchou con ela para Arxentina onde vivía a súa nai e onde tamén decidira seguir o camiño, lonxe daquela España que asasinara a Elvira, a súa irmá Carmen, aínda que en destinos afastados. A avoa de Manolita viaxara ata España para interesarse pola pequena das súas netas pero, tras comprobar que estaba ben atendida polos Caballero, decidiu cumprir a vontade da filla chorada e marchar sen levala, como tiña pensado facer nun primeiro momento.

E Manolita, que sempre soubo o que lle pasara aos seus pais -“Lembrámosllos sempre, con todo o agarimo, dicíndolle o bos que foran. Sempre”, explica a súa irmá Margarita-, preocupouse na idade adulta de coñecerlos mellor. Nesa andaina tivo varias achegas. A primeira aquela de Ramón Barreiro, que compartira cárcere coa súa nai e que lle falara dos seus últimos momentos de vida. Era amigo dos Caballero e pasara meses en San Simón onde recibía a visita da súa irmá, Purita, que cando ía velo durmía na casa dos Caballero. O propio Rafael estivo tamén alí uns días, cando quedou en liberdade:

“Advertíronme que non lle dixera a ninguén que estaba alí. Non estaba agochado pero querían telo un pouco afastado de Vigo. A irmá era xastra e lémbroa pasándolle o ferro aos pantalóns e á chaqueta do irmán...”.

Logo, Ramón púxose a traballar co pai de Julia, a súa moza, que era remitente de peixe en Marín. Co tempo casaron e el puxo unha ferraxaría. Sempre mantiveron o contacto con Manolita, e mesmo acudiron á súa voda. Tamén foron invitados “o Peixe” e a súa muller, Inés. A primeira vez que Manolita o viu, tería uns dezoito anos. Foi outra das achegas na busca do seu pasado. Díxolle á súa nai, a Petra, que lle gustaría saber onde estaban enterrados os seus pais e Petra levouna á casa do Peixe:

“Cando chegamos á casa do Peixe, Inés, a muller, díxolle:

-Sabes quen é esta chica? É a filla de Manolo Corbacho.

-Ai Dios, non me digas!

E abrazouse a min moi forte, chorando. Sempre choraba cando me vía (...) O Peixe andou moi agochado e logo vendía tetillas. Inviteinos á miña voda pero traballaban e non puideron vir”.



Levouna el a San Amaro, visitar as tumbas. Hoxe Elvira descansa preto da súa irmá Carmen que, aínda que marchou á emigración cando se puxo enferma, pediu que a levasen a Pontevedra porque quería morrer alí, e os fillos cumpríronlle o desexo.

Unha das fillas de Carmen petou un día na porta da casa que Manolita compartía co seu home:

“Chegan dous señores á casa e dinme que son curmáns meus...

-Equivócase, eu non teño curmáns.

-A vostede non lle fusilaron aos seus pais?

-Si.

-Pois a miña nai era irmá da súa nai”.

A filla de Carmen e o seu home puxéranse indagar e deran con ela. E Manolita preguntoullo. Preguntoulle á súa curmá como fora que, tendo dúas irmás, a súa nai morrera naquela soidade, naquela mágoa que lle contara Rafael Barreiro: “Como a deixaron soíña?”. E a súa curmá contoulle que cando ela era nena tiña a perna de polio e cando foi de Elvira estábanlla curando. A súa nai temeu que se sabían que era parente daquela muller fusilada deixaran de atenderlle á nena e afastouse da súa irmá nos últimos intres da súa vida. Manolita entendeu: “Había un medo que hai que vivilo para sabelo”.

A súa curmá e o seu home seguiron coas súas pescudas na procura da súa outra curmá, de Pilita, a que marchara con Delia á Arxentina, coa que tampouco manti-veran relación. Cando atoparon o seu enderezo facía un ano que Pilita morrera pero deixara dous fillos. Entrevistáronse coa nena, xa adulta. Chamábase Elvira Pilar, como a nai, como a avoa asasinada:

“A miña sobriña chámase Elvira Pilar. E eu, se chego ter unha filla, tamén a chamaría como a miña nai. Eles contáronlle que tiña unha tía en Galicia e ela dixo:

-Ah si, era irmá da miña nai, Manolita... así a chamaba a miña nai e quería moitísimo. Sempre dicía que non quería morrer sen ir ver á súa irmá...”.

Pero non puido cumprir ese desexo e polo de agora os seus fillos tampouco viaxaron nunca a España.

A Manolita afastárona da súa familia de sangue, pero atopou nos Caballero e no fogar que logo construíra co seu home, todo o cariño do mundo: “Despois de toda a desgraza deu con xente que a quixo moito”, di a súa irmá. E Manolita asinte: “Tiven o home máis bo do mundo”. Cando se fixeron mozos, a el estrañou-



Ile que non coincidiran os apelidos das dúas, e Manolita contoulle a historia dos seus pais. Os dous compartían a mesma ideoloxía de esquerdas:

“Chamábase Luís García Limeres e chegou a ser secretario xeral da UXT. No primeiro de maio ía coa pancarta. Decía:

-Manolita, prepárame o traxe que me vou pór guapo.

E puña traxe azul, camisa branca e garabata encarnada, esa non faltaba.

-Que tal estou?

-Moi ben. En vez de ir á manifestación parece que vas de conquista...

Nunha ocasión puxéranlle un marcapasos tres días antes da manifestación e veuno a doutora que o estaba tratando e dixo:

-Deille a alta antonte dicíndolle que repousara e mira como repousa!

Ían a Pereiró, puñan coroa aos fusilados e logo á manifestación”.

Luís, que era socialista, traballaba de carteiro de Correos e despois ocupouse da venda de selos na oficina. Foi el quen descubriu que Elvira traballara nun comercio de revelado de fotografías en Pontevedra, probabelmente até que casou e tivo as nenas:

“Traballou alí moito tempo e queríana moi ben. Case todos os días ía xunto deses señores cos que traballara”.

Antes de casar con ela, o home de Manolita estivera nunha pensión e Manolita pediulle que lles preguntase aos donos se coñecían a súa nai:

“Foi a Pontevedra:

-Señora Luísa, vostede non coñecería a unha muller que fusilaran?

-Iso sóame.

A señora tiña dúas sobriñas, unha da idade do meu home, que foran ao instituto, e outra maior. A maior dixo:

-Siii, eu doume conta! Era unha señora que sempre andaba cunha nena no colo e outra da manciña...

Eramos nós...”.

Cando casou, Manolita deixou a casa dos Caballero pero a relación coa familia seguiu sendo de total proximidade e mesmo hoxe, viúvas as dúas, as irmás seguen comendo xuntas cada domingo. Margarita sempre foi un apoio para ela:



“Cando tiven o meu fillo, mamá estaba en Cuba e Margarita pechou a súa mercería para coidarme. E despois ía cada día bañar o bebé... Tiven sempre moita sorte, parece que os meus pais desde o outro mundo...”.

As bágoas non lle permiten seguir e a súa irmá Margarita remata por ela: “Sempre a quixemos moito todos, nós, o seu home, os seus sogros...”.

O amor da súa familia de acollida e da que ela formaría despois permitiulle deixar a desgraza atrás, pero nunca a memoria: “Nunca esqueceréi os meus pais. Mentres viva tereinos sempre no meu recordo”.

Como a súa nai deixou dito que faría, con ela e coa súa irmá, ata o último pensamento.